



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Turismo de Galicia



## **ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A SAMI CATEDRAL DE SANTIAGO PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ACCIÓN CULTURAL CONXUNTA NO TEMPLO DE CARA AO ANO SANTO 2021**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente de Turismo de Galicia

#### **DECLARA:**

Que esta Axencia Turismo de Galicia asinou o 30 de xullo de 2020 un convenio de colaboración cuxo obxecto era regular as condicións de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a SAMI Catedral de Santiago na preparación do programa cultural conxunto denominado O Camiño da Beleza, destinado ás seguintes finalidades:

1.- A composición e interpretación dunha obra musical encargada ex profeso ao compositor Juan Durán, membro da Real Academia Galega de Belas Artes, para a cerimonia de apertura da Porta Santa, o día 30 de decembro.

2.- Os encargos das seguintes obras de creación:

-Unha misa para o día do Apóstolo a cargo do compositor Marco Frisina, maestro de capilla de la Catedral de Roma y Rector de la Basílica de Santa Cecilia en Trastévere.

-Un oratorio para a festa de Nadal, encargado ao prestixioso compositor español Ricardo Llorca.

-Unha composición para a clausura da Porta Santa que realizará o autor galego Juan Durán.

-O proxecto dunha intervención plástica na catedral, titulada Unha peregrinación interior na catedral dos camiños, encargada ao prestixioso artista español Daniel Canogar, coa música necesaria a cargo do compositor galego Fernando Buide.



**Xacobeo 2021**





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Turismo de Galicia



Que mediante Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. O estado de alarma declarado foi prorrogado co sometemento ás mesmas condicións establecidas no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo. Prórrogas que alcanzaron ata o 21 de xuño de 2020.

Esta situación incidiu no desenvolvemento das accións proxectadas tendo en conta que algunhas delas demandaban un desenvolvemento posterior no ano 2021 e que, dadas as actuais circunstancias, non se vía probable a súa execución debido á inversión que suporía e a prioridade de atender outras necesidades, como acontece co proxecto de intervención plástica na catedral a encomendar ao artista español Daniel Canogar, que se completaba cunha composición musical orixinal a cargo do compositor galego Fernando Buide. Ao non ser probable, segundo o exposto o seu desenvolvemento, as partes consideran máis acertado non realizar a actuación prevista para este ano 2020.

No seu lugar, e dado que se conta con crédito axeitado e suficiente, as partes entenden de interese a inclusión do encargo dos traballos de recompilación, análise, catalogación, arquivo, confección de informes, planimetría e textos elaborados que permitan unha mellor comprensión das intervencións técnicas, coñecementos e estudos xerais e particulares da restauración que se están acometendo na catedral.

Por estes motivos, acórdase celebrar a presente addenda cuxo obxecto é regular as condicións de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia ea SAMI Catedral de Santiago na preparación do programa cultural conxunto denominado *O Camiño da Beleza*.

A referida addenda se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema



Xacobeo 2021

